

Rianxo - Ordenanza fiscal núm. 17, reguladora de rúidos e medio ambiente

Publicación provisional : 12-08-2006 BOP Nº 185 -- Publicación definitiva : 12-08-2006 BOP Nº 185
Redacción Aplicable desde 12-08-2006

TITULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.

A presente Ordenanza regula a actuación municipal para a protección do medio ambiente contra as perturbacións por ruidos e vibracións.

ARTIGO 2.

Quedan sometidas as súas prescripcións, de obrigatoria observancia dentro do termo municipal, tódalas instalacións, aparatos, construcións, obras, vehículos, medios de transporte, e en xeral tódolos elementos, actividades e comportamentos que produzan ruidos ou vibracións que ocasionen molestias ou perigosidade ó vecindario.

ARTIGO 3.

Corresponderá á Alcaldía e no seu caso á Comisión de Goberno ou Concello Pleno esixir, de oficio ou a instancia de parte, a adopción das medidas correctoras necesarias, sinalar delimitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas, establecer instrumentos permanentes de control de sonido nas actividades suxeitas a esta Ordenanza e aplica-las sancións correspondentes no seu caso de incumprirse o ordenado.

ARTIGO 4.

As normas da presente Ordenanza, son de obrigatorio cumprimento, sen necesidade dun previo acto ou requerimento de suxeición, individual, para toda actividade que se encontra en funcionamento, exercicio ou uso e comporte a produción de ruidos ou vibracións molestos ou perigosos.-

As expresadas normas serán orixinariamente esixibles a través dos correspondentes sistemas de licencias ou autorizacións municipais para toda clase de construcións obras na vía pública ou instalacións industriais, comerciais e de servizos, así como para a súa ampliación, reforma ou demolición que se proxecta, executen ou realicen a partir da vixencia desta Ordenanza.

TÍTULO II. NIVEIS DE PERTURBACIÓN POR RUIDOS E VIBRACIONES

ARTIGO 5.

A intervención municipal tenderá a conseguir que as perturbacións por ruidos e vibracións evitables non excedan dos límites que se indican ou a que se fan referencia neste Título. Os ruidos medíranse ou expresáranse en decibelios na escala de dB(A).

Utilizarase como equipo de medida, un sonómetro con rede de ponderación "A", e resposta rápida que cumpra as Normas UNE-21314/75 "Sonómetro de Precisión" ou UNE-21323/1975 "Propostas Relativas ós Sonómetros". Poden usarse outros equipos de medida que inclúan por exemplo, rexistradores de nivel, de cinta magnética ou equivalente, sempre que as súas características sexan compatibles coas dos sonómetros especificados anteriormente.

A Valoración dos niveis de ruído rexírase polas seguintes normas:

Primeira: A medición levarase a cabo na situación onde as molestias sexan máis acusadas.

Segunda: A medición levarase a cabo nas seguintes condicións:

a) As medidas no exterior realizaranse entre 1,2 e 1,5 metros sobre o chan e, se é posible ó menos a 3,5 metros das paredes, edificios o calquera superficie reflectante.

Cando as circunstancias o requiran, poderán facerse as medidas a maiores alturas e menor distancia das paredes sempre que elo se especifique e se teña en conta na valoración.

b) As medidas no interior realizaranse polo menos a un metro de distancia das paredes, entre 1,2 e 1,5 metros sobre o chan e aproximadamente a 1,5 metros das ventás.

Para reduci-lo efecto das perturbacións debidas ás ondas estacionarias efectuaranse, ó menos, tres lecturas de nivel sonoro en posicións que estean a unha distancia de 0,5 mts. da posición inicial. A media aritmética das lecturas determinará o valor da medida.

As medidas realizaranse, normalmente cas ventás pechadas, pero se xeralmente a habitación se usa coas ventás abertas, deberán de efectuarse as medidas baixo estas condicións.

Terceira: En previsión dos posibles erros de medición cando esta requira unha especial precisión, ou se así o solicitase o interesado, adoptaranse as seguintes precaucións:

a) Contra o efecto de pantalla: O observador situarase no plano normal ó eixe do micrófono e o máis separado posible do mesmo, que sexa compatible coa lectura da escala sen erro de paralelaxe.

b) Contra a distorsión direccional: Situado en estación o aparato, xirarásele no interior do ángulo sólido determinado por un octante, e fixarase na posición cal lectura sexa equidistante dos valores extremos así obtidos.

c) Contra o efecto do vento: Cando se estime que a velocidade do vento resulte superior a 0,8 mts./seg. empregárase unha pantalla contra o vento. Para velocidades superiores a 1,6 mts./seg. desistírase da medición, agás que se empregen aparatos especiais.

ARTIGO 6.

No medio ambiente exterior, con excepción dos procedentes do tráfico que se regulan no Título IV, non se poderán producir ningún ruído que sobrepase os niveis que se ndican a continuación:

a) Zona Sanitaria e Colexios:

- entre as 8 e 21 horas..... 45 dB

- entre as 21 e 8 horas..... 35 dB

b) Zonas restantes:

- entre as 8 e 22 horas..... 60 dB

- entre as 22 e 8 horas..... 40 dB

Enténdese por Zona Sanitaria e Colexios a comprendida dentro dun radio de 200 mts.

de calquera institución sanitaria ou colexial, xa sexa pública ou privada, a partir dos límites exteriores do recinto.

En ámbalas dúas zonas a transmisión fónica a patios de luces e espazos similares reducirase a 5 dB.

Por razón da organización de actos con especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza análoga, o concello poderá adoptar as medidas necesarias para reducir con carácter temporal, en determinadas vías ou sectores do casco urbán, os niveis sinalados nos parágrafos precedentes.

ARTIGO 7.

No ambiente exterior dos recintos prohíbese:

a) A produción e transmisión de ruidos que sobrepassen os límites que se sinalan no Título III.

b) A transmisión ó exterior de ruidos que rebasen os establecidos no artigo precedente.

ARTIGO 8.

Non se poderán transmitir vibracións cun coeficiente K supere os límites sinalados na táboa do Anexo I-1.

O coeficiente K dunha vibración será o que correspondente á curva de maior valor

das indicadas no gráfico do Anexo I-1 que conteña algún punto de espectro da vibración considerada.

As vibracións mediaranse en aceleración (m/s²).

T I T U L O III. CONSTRUCCIÓN OBRAS NA VÍA PÚBLICA, ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE SERVICIOS

ARTIGO 9.

A efecto dos límites fixados no artigo 6 sobre protección, do ambiente exterior, teranse en conta as seguintes prescripcóns:

Primeira: En tódalas edificacións, a solución constructiva dos cerramentos exteriores dotados ou non de illamento acústico, proporcionarán unha atenuación global mínima para os ruidos aéreos de 30 dB, no intervalo de frecuencias comprendidas entre 100 e 3.150 Hz.

Segunda: Os elementos constructivos e de insonorización e os recintos en que se aloxen actividades e instalacións industriais, comerciais e de servicios, deberán de posuir capacidade suficiente para atenuación acústica do exceso de intensidade sonora que se orixine no interior dos mesmos, e incluso, se fora necesario disporán de sistemas de aireación inducida ou forzada que permitan o cerre dos ocos e ventás existentes ou proxectados. En calquera caso, as discotecas, salas de festa ou baile e cafeterías, bares, restaurantes, etc., que dispoñan de equipo de música ambiental ou aparatos de música de utilización pública, deberán de dotarse dun sistema eficaz de insonorización en paramentos e teitos.

Terceira: Os aparatos elevadores, as instalacións de acondicionamento de aire e torres de refrixeración, a distribución, depuración de augas, a transformación de enerxía eléctrica, instalacións de calefacción e demais servicios dos edificios, serán instalados coas precaucións de ubicación e illamento que garanten un nivel de transmisión sonoro non superior ós límites fixados no artigo 6 e artigo 10, Norma 4ª.

Cuarta: Nas obras e traballos de construción, modificación, reparación ou derrubo de edificios, así como nos que se realicen na vía pública adoptaranse as medidas oportunas para evitar que os ruidos emitidos excedan dos niveis acústicos fixados no artigo 6.

Quinta: O Concello poderá excusa-la precedente prescripcón nas obras de declarada urxencia e naquelas outras cal demora na súa realización poidera comportar perigo de fundimento, corremento, inundación, explosión ou riscos de natureza análoga.

Nestes casos, atendidas as circunstancias concurrentes, poderá autoriza-lo emprego de maquinaria e a realización de operacións que conleven unha emisión de nivel sonoro superior ó permitido na zona de que se trate, condicionando o sistema de uso, ó horario de traballo e a necesaria protección persoal dos operarios.

ARTIGO 10

Con relación ós límites fixados no artigo 7 sobre protección do ambiente interior dos recintos, observaranse as seguintes normas:

Primeira: En tódalas edificacións, os cerramentos exteriores, axustaranse ó disposto na prescripción primeira do artigo anterior, non obstante, nos casos en que a edificación se vaia a realizar nun sector afectado por ruidos tales como os procedentes de estacións de autobuses ou similares, o illamento acústico esixido poderá aumentarse se se considera imprescindible, para atenua-los efectos de importantes agresións acústicas chegando en casos extremos a prohibirse determinados usos do chan.

Segunda: En vivendas adxacentes, a solución constructiva dos tabiques, muros de separación e forxados (estean dotados ou non de illamento acústico) proporcionarán unha atenuación global mínima para os ruidos aéreos e de impacto de 30 dB. Dito límite aumentarase en 40 dB para o illamento acústico que proporcionará o forxado de separación dos locais comerciais ás vivendas máis próximas.

Terceira: Nos inmobles en que coexistan vivendas e outros usos autorizados polas Ordenanzas Municipais, non se permitirá a instalación, funcionamento ou uso de ningunha máquina aparato ou manipulación cal nivel sonoro exceda de 85 dB.

Cuarta: Prohíbese a emisión fónico nos establecementos ubicados en edificios de vivendas cando o nivel sonoro transmitido a aquelas exceda de 30 dB durante a noite (de 22 a 8 horas), e 40 dB durante o día (de 8 a 22 horas) 50 dB en zonas comúns, escolares e distribuidores.

Quinta: Nos edificios de vivendas non se permitirá o funcionamento de máquinas, aparatos ou manipulacións domésticas cal nivel de emisión sonora exceda de 70 dB, desde as 8 a 22 horas e de 60 dB desde as 22 a 8 horas.

Sexta: Os aparatos elevadores e demais elementos que se mencionan na prescripción terceira do artigo anterior serán instalados coas precaucións de ubicación e illamento que garanten

un nivel de transmisión sonora non superior a 32 dB, cara o interior da edificación.

Séptima: As máquinas, aparatos ou manipulacións xeradoras de ruidos de nivel superior a 80 dB que poideran instalarse ou realizarse en edificios fabriles, situaranse en locais illados dos restantes lugares de permanencia do persoal, de forma que neles non se sobrepase o límite de 80 dB. Os operarios encargados do manexo de tales elementos, serán provistos de medios de protección persoal que garanten a súa seguridade e saúde.

Oitava: Nas Salas de Festa e discotecas o nivel de emisión sonora máxima será de 100 dB cunha atenuación mínima de 75 dB. Nos Pubs e outros establecementos con equipos de música a máxima emisión será de 85 dB cunha atenuación mínima de 60 dB. En ámbolos dós casos deberá presentarse certificado de insonorización firmado polo técnico competente e visado polo correspondente Colexio Profesional.

Novena: No relacionado coas vías de evacuación e medidas constructivas e de seguridade en xeral considéranse de aplicación obrigatoria os anexos da NBE-CPI-91.

Décima: Nos locais, situados baixo rasante con superficie inferior a 100 m² admitirase unha altura mínima hasta 2,50 m. o mesmo que para os situados sobre rasante cal superficie non exceda de _____ m². Para os locais con superfieie superiores ás citadas a altura mínima será de 2,80 m.

ARTIGO 11.

Para correxi-la transmisión de vibracións deberán terse en conta as seguintes regras:

Primeira: Todo elemento con órganos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire o seu equilibrio dinámico e estático, así como a suavidade de marcha dos seus coxinetes ou camiños de rodadura.

Segunda: Non se permite o anclaxe de maquinaria e dos soportes da mesma ou calquera órgano móbil nas paredes medianeiras, techos ou forxados de separación entre locais de calquera clase de actividade, así como nos elementos da estrutura da edificación.

Terceira: O anclaxe de toda maquinaria e órgano móbil en solos ou estruturas non medianeiras nin directamente conectadas cos elementos constructivos da edificación, disporase en todo caso

interpoñendo dispositivos antivibratorios axeitados e se fose necesaria de cimentacións especiais.

Cuarta: Tódalas máquinas situaranse de forma que as súas partes máis salientes ó final da carreira de desprazamento queden a distancia mínima de 0,70 mts., dos muros perimetrais e forxados, debendo elevarse a un metro esta distancia cando se trate de elementos medianeiros.

Quinta: As máquinas de arranque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos e as dotadas de órganos con movemento alternativo, deberán estar ancladas independentes, sobre chan firme e illadas igualmente da estrutura da edificación e do chan do local por intermedio de materiais ou dispositivos absorventes da vibración.

Sexta: Os conductos polos que circulen fluídos líquidos ou gaseosos en forma forzada, conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento, disporán de dispositivos de separación que impidan a transmisión das vibracións xeradas en tales máquinas. As bridas e soportes dos conductores terán elementos antivibratorios. As aberturas dos muros para o paso das conduccións rechearanse con materiais absorventes da vibración.

Séptima: Nos circuitos de auga coidarase de que non se presente o "golpe de ariete" e as seccións e disposicións das válvulas e grifería serán tales que o fluído circule por elas en réxime normal para os gastos nominais, debendo introducirse nas instalacións se fose necesario, dispositivos especiais para evitar ruidos ou vibración das tuberías. En todo elo estas instalacións executaranse de conformidade co disposto no Regulamento da Empresa Municipal de Abastecemento de Augas.

ARTIGO 12.

A valoración dos niveis de sonoridad que establece a Ordenanza temperarase ás seguintes normas:

Primeira: A medición levarase a cabo tanto para os ruidos emitidos como para os transmitidos, no lugar en que o seu valor sexa máis alto e se preciso fora, no momento e situación en que as molestias sexan máis acusadas.

Segunda: Os donos, posuidores ou encargados dos xeradores de ruidos facilitarán ós funcionarios municipais habilitados para funcións de inspección o acceso as súas instalacións ou focos xeradores de ruidos e disporán o seu funcionamento ás

distintas velocidades, cargas ou marchas que lles indiquen ditos funcionarios. Así mesmo, poderán presencia-lo proceso operativo estes funcionarios, no exercicio das funcións contempladas pola presente Ordenanza.

ARTIGO 13.

Primeiro: Nos proxectos de construción de inmobles incluírase un estudo xustificativo de que a protección acústica e antivibratoria suministrada polos muros, tabiques e forxados é suficiente para acomodarse ás prescricións desta Ordenanza. O cálculo realizarase tendo en conta o uso a que se destina o edificio, a súa ubicación, os materiais empregados, as súas características geométricas e físicas e a súa disposición.

Segunda: Analogamente, nos proxectos de instalacións industriais comerciais e de servicios afectados por esta Ordenanza acompañarase un estudo xustificativo das medidas correctoras de ruidos e vibracións coas hipóteses de cálculo adoptadas debendo evidenciarse nos mesmos o cumprimento da presente ordenanza.

ARTIGO 14.

Para o mellor control dos límites sonoros establecidos nesta Ordenanza, a Administración Municipal poderá colocar aparatos de control permanente na emisión fónica, que incluso provoquen a interrupción da emisión cando supere os límites establecidos. Os gastos que se ocasionen pola realización destas operacións, incluído o prezo do aparato que se instale, correrán a cargo dos titulares da actividade.

T I T U L O IV. VEHÍCULOS A MOTOR

ARTIGO 15.

Todo vehículo de tracción mecánica deberá ter boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, carrocerías e demais órganos do mesmo capaces de producir ruidos e vibracións, e, especialmente o dispositivo silenciador dos gases de escape, co fin de que o nive sonoro emitido polo vehículo ó circular ou co motor en marcha, non exceda dos límites que establece a presente ordenanza.

ARTIGO 16.

Prohíbese a circulación de vehículos a motor no chamado escape libre ou con silenciadores non eficaces, incompletos, inadecuados, deteriorados ou con tubos resonadores ou en xeral non

homologados.

Igualmente prohíbese a circulación de dita clase de vehículos que por exceso de carga produzan ruidos superiores ós fixados por esta Ordenanza.

ARTIGO 17.

Queda prohibido o uso de bocinas e calquera outra sinal acústica dentro do casco urbán, salbo nos casos inminentes de perigo ou de atropelo ou colisión ou que se trate de servicios públicos de urxencia (policía, servicio contra incendios e asistencia sanitaria) ou de servicios privados para o auxilio urxente de persoas ou defensa perentoria de bens.

ARTIGO 18.

A carga, descarga e transporte de materiais por camións deberá facerse de maneira que o ruído producido non resulta molesto. O persoal dos vehículos de reparto deberá cargar e descarga-las mercancías sen producir impactos directos sobre o chan do vehículo ou do pavimento, e evitará o ruído producido polo desprazamento ou trepitación da carga durante o percorrido.

ARTIGO 19.

Os límites superiores admisibles para os ruidos emitidos polos distintos vehículos a motor serán, de acordo co establecido no art. 6.2 e 3 do Decreto 1439/72 de 25 de Maio para ciclomotores e vehículos automóviles de cilindrada non superior a cm³:

- de dúas rodas..... 80 dB.

- de tres rodas..... 82 dB.

Para o resto dos vehículos automóviles, con cilindrada superior a 50 cm³ os límites serán os establecidos no anexo 4 do Regulamento núm. 9 sobre prescripcions uniformes relativas á homologación do vehículo no que se refire a ruído, publicado no Boletín Oficial do Estado de 23 de Novembro de 1974.

Nos casos en que se afecte notoriamente á tranquilidade da poboación poderase sinalar zonas ou vías nas que algunha clase de vehículos a motor non poda circular a determinadas horas da noite.

Prohíbese producir ruidos innecesarios debidos a un mal uso ou conducción violenta do vehículo anque estean dentro dos límites

máximos admisibles.

Serán de aplicación a lexislación estatal ou autonómica sobre a materia.

ARTIGO 20.

Para o recoñecemento dos vehículos a motor atenderanse ás normas seguintes:

a) Para os ciclomotores o método de medida do ruído será o mesmo que se establece no apartado seguinte, se ben a velocidade de paso entre o sonómetro será de 30 qm/hora.

b) Para o resto dos vehículos automóviles, o método de medida do ruído será o establecido no anexo 3 do precitado Regulamento núm. 9.

T I T U L O V. ACTIVIDADES VARIAS

ARTIGO 21.

Con carácter xeral prohibese o emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso, distracción e análogos, cales niveis excedan dos sinalados nesta Ordenanza para as distintas zonas.

Esta prohibición non rexerá nos casos de alarma, urxencia ou tradicional consenso da poboación, e poderá ser dispensada na totalidade ou parte do termo municipal por razóns de interese nacional ou de especial significación cidadana.

ARTIGO 22.

Os receptores de radio e televisión e, en xeral tódolos aparatos reprodutores de sonidos, instalaranse e regularanse de maneira que o nivel sonoro transmitido ás vivendas ou locais colindantes non exceda do valor de 32 dB.

A tenencia de animais domésticos obriga á adopción das precaucións necesarias para evita-las molestias ó vecindario.

ARTIGO 23.

Calquera outra actividade ou comportamento singular ou colectivo non comprendido nos dos artigos precedentes, que conleve unha perturbación por ruidos ou vibracións para o vecindario, que sexa evitable coa observancia dunha conducta cívica normal, entenderase incurso no réxime sancionador desta Ordenanza.

T I T U L O VI. RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 24.

Os Técnicos Municipais e os Axentes da Policía Municipal, no que é a súa competencia, poderán realizar en todo momento cantas inspeccións estimen pertinentes para asegura-lo cumprimento da presente Ordenanza, debendo cursar obrigatoriamente as denuncias que resulten procedentes.

ARTIGO 25.

Os Axentes da Policía municipal deberán a todo Vehículo que, ó seu xuízo, rebase os límites sonoros máximos autorizados e formularán a pertinente denuncia ó propietario, podendo realizar unha comprobación "in situ" de ruído.

ARTIGO 26.

Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Alcalde o anormal funcionamento de calquera actividade, instalación ou vehículo comprendido na presente Ordenanza. De resultar temerariamente inxustificada a denuncia, serán de cargo do denunciante os gastos que orixine a inspección. En caso de comprobada mala fe imporase a sanción correspondente.

ARTIGO 27.

A denuncia, que deberá estar datada e asinada polo denunciante, reunirá os seguintes requisitos:

a) Cando se trate de denuncias referentes a ruidos producidos por vehículos a motor, tanto sexan aquelas de carácter voluntario como obrigatorio, consignarase nos mesmos, ademais do número de matrícula e tipo de vehículo co que se houberse cometido a suposta infracción, o nome e apelidos, número de D.N.I. e domicilio do denunciado se foran coñecidos, así como unha relación e circunstancias de feito, con expresión do lugar, data e hora en que haxa sido apreciada, sinalándose a continuación no caso de denuncia voluntaria, o nome e apelidos núm. D.N.I. e domicilio do denunciante e dos testigos que poideran manifesta-la veracidade dos feitos.

b) Nos demais casos, indicarse o nome, apelidos, núm. D.N.I. e domicilio do denunciante, emprazamento, clases e titular da actividade denunciada sucinta relación das molestias orixinadas e súplica concretando a petición que se formule.

c) A denuncia presentarse no Rexistro Xeral do Concello e

naqueles que se refire o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo.

ARTIGO 28.

Recibida a denuncia seguirase o expediente coa práctica das inspeccións e comprobacións que se especifican nos artigos precedentes, e coa adopción, no seu caso, das medidas cautelares necesarias, ata a esolución final do expediente que será notificada en forma ós interesados.

ARTIGO 29.

En caso de recoñecida urxencia, cando a intensidade dos ruidos ou vibracións resulte altamente perturbadora ou cando os mesmos sobreveñan ocasionalmente, ben por uso abusivo das instalacións ou aparatos, ben por deterioro ou deficiente funcionamento destes ou por calquera outro motivo que altere gravemente a tranquilidade ou seguridade do vecindario; a denuncia poderá formularse directamente ante o servicio de garda da Policía Municipal, persoándose ante o mesmo ou comunicando os feitos telefónicamente. Este servicio xirará visita de inspección inmediata, adoptará as medidas de emerxencia que o caso requira e enviará as actuacións ó servicio correspondente, se procedere, para iniciación ou prosecución do expediente.

ARTIGO 30.

Reputaranse faltas, en relación cos ruidos e vibracións producidos por calquera actividade, instalación, aparatos que constituan infraccións nas normas contidas nesta Ordenanza, ou desobediencia ós mandatos de establecer calquera medida correctora ou de seguir determinada conducta, calificándose como leves, graves ou moi graves.

Consideraranse falta leves as que impliquen mera negligencia ou descoido, faltas graves as que constituan reincidencia nas faltas leves ou infraccións de límites sinalados nesta Ordenanza ou vulneración das prohibicións establecidas na mesma e, faltas moi graves a desobediencia reiterada ás ordes para a adopción de medidas correctoras ou de seguir determinadas conductas e manifesta resistencia ou menosprecio ó cumprimento das normas desta Ordenanza.

ARTIGO 31.

As sanción aplicables serán as seguintes:

A) A transgresión das normas contidas no título III, as faltas leves reprimíranse con multa dunha contía ata 750 euros., as graves, con multa dunha contía ata 1.500 euros e as moi graves, con multa ata 3.000 euros.

B) Por infraccións das normas do título IV, as faltas leves castigaránse con multa dunha contía ata 750 euros, as graves, con multa dunha contía ata 1.500 euros e as moi graves, con multa ata 3.000 euros.

C) Por vulneración das normas do título V, as faltas leves, graves ou moi graves serán sancionadas con multa de ata 750 euros, 751 ata 1.500, e 1.501 ata 3.000 euros.

d) A imposición das sancións anteriormente establecidas levarán aparexado o apercibimento

de cláusula ou cese da actividade, da cal se producirá en caso de reiteración, por un tempo de ata seis meses, sen prexuízo do establecido no Artigo 38 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

e) A manipulación dos aparatos a que se refire o artigo 14 desta Ordenanza, será sancionada coa cláusula ou cese da actividade polo prazo de seis meses.

ARTIGO 32.

A aplicación das sancións establecidas nesta Ordenanza non exclúe nos casos de desobediencia ou resistencia á Autoridade Municipal ou os seus Axentes, o que se pase o tanto de culta ós Tribunais de Xustiza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Esta Ordenanza Municipal iniciará a súa vixencia a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do Anuncio da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia momento en que quedan derogadas cantas disposicións municipais se opoñan ou contradigan os seus preceptos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA: PRIMEIRA

Ás actividades que contén con licenzia á entrada en vigor da presente Ordenanza, esixíraselles o cumprimento dos límites sonoros e vibracións establecidos na mesma.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA: SEGUNDA

Ós novos titulares de actividades que contén con licenzia con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza, seralle

de aplicación a mesma na súa totalidade.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogados os artigos de Ordenanzas Municipais que contradigan o disposto nesta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1995, de 2 de abril.

A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o 5 de maio de 2006. Publicada no B.O.P: en data 12 de agosto de 2006